

No célebre artigo 26 da "Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948) expresábase que "toda persona ten dereito a educación" e engadíase como explicación que "a educación terá por obxecto a pleno desenvolvemento da personalidade humana e o fortalecemento do respecto os dereitos humanos e as liberdades fundamentais; favorecerá a comprensión, a tolerancia e a amis-

tade entre todas as nacións e todos os grupos étnicos e relixiosos; pomoverá o desenvolvemento das actividades das Nacións Unidas para o mantemento da paz". E evidente que os dereitos "proclamados" non son os dereitos "realizados" nin tampouco son unha norma estática. Son un proxecto de acción que o compromiso humano vai facendo realidade.

## ¿Problema macroético?

Si nos atenemos a unha estrita consideración de niveis nos problemas éticos e a súa situación curricular, o problema da paz debería situarse no ámbito da macroética. Isto en certa medida é plausible xa que educación para a paz ten que ver cos problemas de comprensión internacional, dereitos humanos, desarme, desenrolo, conflitos inter-étnicos, etc... Pero a súa vez consideramos que a educación para a paz está relacionada cos outros ámbitos no senso de que non é posible a educación e construción da paz sin a erradicación da cultura da violencia en todos os niveis.

Erradicar esta cultura da violencia que dramáticamente se manifesta na instrumentación da forza para resolver cuestións de hexemonía e economía (Guerra do Golfo) ou avivar conflitos en base a diferencias e rivalidades culturais, inter-étnicas (guerra yugoslava) supón poñer en acción unha serie de presupostos e utilizar recursos metodolóxicos adecuados.

Entre os presupostos básicos é fundamental desmitificar a propia violencia como presuposto da paz (¿onde está o "novo orden mundial" derivado da Guerra do Golfo); educar para a diferenza que no ámbito sociopolítico implica o pluralismo, o diálogo, unha mentalidade democrática e tolerante; no ámbito cultural supón o rexeitamento á "homoxeneidade uniformadora", o respecto á cultura local, nacional, étnica...; no ámbito económico a eliminación das causas e situacións de crisis (pero, desigualdades, pobreza...), e dicir, o exercicio da xusticia retributiva, a solidariedade...).

Pero si educar para a paz require a súa vez educar sobre a paz e en paz, é necesario dispoñer de metodoloxías adecuadas no ámbito do saber (dimensión interdisciplinaria).

## Educación moral e paz

□ AGUSTIN REQUEJO OSORIO (\*)

Hai unha frase grabada na fachada do edificio da Organización Internacional del Trabajo (1919, que pode servir para o que imos a falar "se queres paz, loita pola xusticia".

Desde xeito a educación para a paz preséntase intimamente implicada coa defensa e actuación dos dereitos humanos. Existe unha mútua conexión entre educación para a paz e respecto os dereitos humanos.

A educación para a paz favorece totalmente o respecto os dereitos humanos. Estes dereitos necesitan da educación para a paz que posibilita a súa posta en acción, xa que a paz vai moito máis alá da "ausencia de conflitos bélicos". Debe ser entendida como un medio facilitador do desenrolo armónico e completo de toda persona baixo os parámetros de xusticia e liberdade.

### Dimensión ética

Xunto con esta proclamación e interrelación entre paz e dereitos humanos, está a súa dimensión ética.

A ética ou filosofía moral ofrécenos como unha reflexión fundamental sobre as afirmacións, regras e principios sobre os que se pode expresar en materia de moral e xuícos morais. Trata da descripción, análise e fundamentación dos actos humanos en canto obra consciente e libre, en canto a súa regulación. A educación moral plantéxase como ámbito de acción que implica a posesión de criterios para actuar de forma autónoma, racional, cooperativa en situacións de conflito de valores.

De ahí a estreita relación existente entre a chamada educación para a paz como valor positivo de respecto e convivencia e unha educación moral baseada na construción racional e autónoma de valores.

Neste senso a educación moral é un ámbito de reflexión individual e colectiva que axudará a comprender os múltiples problemas que ten plantexados a nosa sociedade, impulsará a construción de formas de vida máis xustos, pretenderá conseguir que os suxectos e fundamentalmente os nenos e xóvenes aprendan a enxuiar e actuar dacordo con valores.

O seu obxectivo básico nas sociedades abertas e plurales, onde desaparecen as seguridades absolutas e conviven diversos modelos de vida lexítimos, é conquistar a construción de criterios



No colexio ourensano de Mende celebráranse varios actos pola paz.

morais propios, razonados, solidarios e non suxectos a exigencias heterónomas.

A planificación de tarefas específicas de educación moral ven determinada preferentemente polos ámbitos en que se presentan os conflitos que cada individuo e colectividade ten que resolver por si soio. Temos en primeiro lugar o chamado ámbito da microética, onde se plantexan os problemas do ámbito interpersonal (familia, matrimonio, amizades...).

### Mesoética

En segundo lugar, o espazo da mesoética que se ocupa dos conflitos de indole grupal e comunitario (dereitos humanos, temas de política nacional, marxización, etc...).

Por último, en terceiro lugar, os temas de ámbito mundial que afectan as grandes cuestións do noso século: temas ecolóxicos, fame, problemas da guerra e paz, etc...

Esta clasificación, que pode

servir para organizar os contidos do denominado currículo escolar, non debe ser equiparada con idades ou outros niveis educativos. Nos diversos momentos evolutivos da persona humana poden tratarse as diversas cuestións relacionadas cos diversos niveis tendo en conta a madura-

### E. Morin

En síntesis como expresaba E. Morin construiremos unha sociedade pacífica cando consigamos "un novo nacemento da humanidade", unha nova cultura, tal vez o "ansiado novo orden mundial" pero esta vez non baseado exclusivamente no mero "crecemento e desenrolo económico", limitado a unha exclusiva solución "técnico-científica" dos problemas senon tamén a una reorientación ética dos principios que regulan as relacións entre os homes e a súas relacións co seu entorno natural.


ción e capacidade comprensiva do suxecto. Recentemente acaban de aprobarse polo Ministerio de Educación os contidos curriculares correspondentes ó ámbito das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

O seu bloque cuarto—"La vida moral y la reflexión ética"— ofrece precisamente o estudo de "algunos proxectos éticos contemporáneos: derechos humanos, pacifismo, feminismo, ecologismo, etc...".

### Procedimentos

Entre os seus procedimientos se indican, por exemplo, a búsqueda e análise crítica de informacións diversas sobre problemas morais do noso tempo; a identificación e valoración de medidas tanto institucionais como de grupo ou individuais que configuren alternativas ós problemas éticos máis importantes no mundo actual.

(\*) Sección de Pedagogía da Universidade de Santiago de Compostela.



Colexio de Mende

## O ENTROIDO



O domingo "Corredoiro" precede o gran domingo de "Entroido".

## O ciclo máxico do Entroido

□ Abrangue un total de 17 días

O Entroido abrangue un ciclo de 17 días (dúas semanas e media desde o Domingo de Septuagésima ata o Mércores de Cinza). Durante este período de tempo destacan:

—**Domingo fareleiro, borralento ou de trapalladas:** Coñecido así polo costume de usa-los farelos ou a borrala para seren botados ás mozas e mulleres na roupa.

—**Xoves de Comadres:** Neste día as mulleres fan un boneco de palla e farrapos, que é paseado polas rúas pendurado dun pau para logo rematar na fogueira, non sin

antes entablar pelexa ante a resistencia dos xóvenes que intentaran rescatalo.

—**Domingo Corredoiro:** Escomenza a corre-lo Entroido. As entemeñadas, brincadeiras e xogos mandan nas rúas e prazas.

—**Xoves de Comadres:** Os papeis trocábanse en favor dos mozos, que coa decidida oposición das rapazas, debían queima-la tardeira.

—**Domingo de Entroido:** Este día xunto co Luns e Martes de Entroido representan o cume da troula e enchenta vividas ó longo da semán.

## A orixe da festa do Entroido remóntase ós gregos e romanos

Cada vez xurde con mais forza, institucional ou espontaneamente nas nosas rúas e prazas dos pobos e vilas, a festa do "Entroido". En cada lugar místranse lendas, costumes... da máis variada orixe e manifestación.

O termo Entroido (antroido, introido...) deriva do latín "introitos" que significa "entrada" do ano, da primavera ou da entrada ó tempo da Cuaresma.

Outras teorías sitúan o termo no italiano "carnevale" derivado do "carne levare" é dicir, "saca-la carne" no tempo da Cuaresma. As máis antigas remóntanos ós tempos nos que celtas e xermanos gostaban de sacar un barco con rodas (carrus navalis) nas súas celebracións.

## A orixe da festa

As interpretacións da festa do Entroido remóntanse ós tempos dos gregos, romanos e ó nacemento do mundo cristián.

—**A orixe grega:** No escomenzo da primavera e durante tres días os gregos festexaban os Dionisios adicadas a Dionís, deus da natureza, protector da agricultura e da procreación.

Os seus ritos relixiosos dericaban principalmente da orxía e da embriaguez, a éxtase e as danzas violentas que posibilitaban a unión particular do crente coa divindade.

Dionís era unha divindade da antiga Tracia. Era o deus dos animais e representaba o despertar da natureza.

—**A orixe romana:** As celebracións da antiga Roma témolas que enmarcar no contexto dunha sociedade con fortes intereses agrícolas e gandeiros.

• **As Saturnalias:** Festas adicadas a Saturno, deus da agricultura na primitiva Roma. Celébranse a finais de outono co fin de esperar o novo ciclo da Nai Natureza, para que o home poidese servirse un ano máis dos seus froitos e colleitas.

Nese tempo paralizábase a vida social, institucional, militar... Os escravos trocaban os papeis



dos anos, parodiando as súas maneiras e ensalzando os seus defectos. Autorizábanse as loterías e xogos de azar e nos banquetes públicos imperaba a igualdade entre os homes.

• **As Lupercalías:** Celebrábanse o 15 de febreiro, diante da gruta sagrada onde se atoparon a Rómulo e Remo, en honor a Luperco. O seu obxecto era asegurar-la fecundidade dos homes animais e campos. Posteriormente, sacerdotes luperciais percorrían semidespidos e con peles dos animais ofrecidos en sacrificio as rúas, golpeando coas tiras das peles ás mulleres que querían ser fecundas.

• **As Matronalías:** A orixe desta

desta atópase na lenda do "rpto das Sabinas". Esta lenda serve de xustificación ás festas matronais, adicadas ás mulleres romanas. Durante as festas gozaban de plena liberdade e se lles recoñecía o dereito de iniciativas sexuais e agresivas.

—**A orixe no ciclo litúrxico cristián:** Coa aparición dos cristianismo o Entroido ficará como unha celebración fortemente ligada co período abstinencial imposto pola relixión no tempo da Cuaresma. O cristianismo levará a cabo un proceso de asimilación dos costumes vixentes no pobo trocando o seu significado ou suprimindo os costumes das culturas que lle precederon.

## Facer unha careta e un cabezudo

## a) Materiais:

- A cuarta parte dunha cartulina ou cartón fino.
- Cola de contacto, pinturas, cordón de goma.

## b) Útiles de traballo:

- Tesouras, lápiz e regra, pinceis.

## c) Realización:

1— Toma as medidas dos eixos da túa cara: da fronte ó queixo e dunha meixela á outra. Pasa as medidas á cartulina, debuxando a forma oval da cara cos seus respectivos ollos, nariz e boca para logo seren recortadas.

2— Co fin de dotar á máscara de volumen, fai cortes de 2 cm. según sinala o debuxo.

3— Superpoñe-los extremos e encolalos.

4— Caracteriza a máscara cos accesorios adecuados ó persoaxe.

5—Co pintado xeral xa tes o teu persoaxe listo. Facer un cabezudo:

## a) Materiais:

- Un globo grande ou bolsa de plástico chea de papeis.
- Un bote redondo de deterxente de lavadoras.
- Cola de empapelar, papel de xornal, pinturas plásticas ó auga, lanas, telas...

## b) Útiles de traballo:

- Tesouras, cútex ou cuchilla, pinceis.

## c) Realización:

—Córtase un aro do bote de deterxente duns 30 cms. e colócase enriba o globo inflado ou a bolsa de plástico ben chea de papeis.

—Prepárase a cola e facendo tiras de papel de xornal (anchas e longas) cortadas a man, vanse pegando o globo ou similar unha vez molladas na cola. As tiras irán desde o extremo superior do globo ata o extremo inferior do bote de deterxente. Mínimo cinco capas.

—O modelado do personaxe (nariz, boca, ollos...) faise con bolas de papel arrugado pegadas na base e recubrindoas con tiras de papel encolado.

—Unha vez totalmente seco, desínflase o globo ou retírase a bolsa cos papeis amodiño. A continuación fánselle as ombreiras mediante uns cortes semicirculares e laterais nos que se asentará o cabezudo, sin temor ós desplazamentos do boneco.

—A continuación dase un estucado (preparación de auga-plás + auga + un chisco de pintura plástica branca).



## O ENTROIDO

## náis enchenta

e JOSE MENDEZ GUEÑAGA (\*)



### A festa do Entroido abrangue un ciclo de 17 días

do semellar britos prehistóricos e pagáns.

• **Máscaras dacabalo:** Estas están representadas polos xenerais do Ulla.

–**As comparsas, cortexos ou momadas:** Conxunto de máscaras xuntadas ó redor dos instrumentos musicais que percorren con ironía e bo humor as rúas e tabernas.

–**O Meco:** Personificación do Entroido nun boneco de palla e roupa vella que presidirá as festas pendurado dun pau ata que un xuízo popular con repaso as culpas e pecados sexa condenado á fogueira.

#### Cinzas

Nalgúns casos as súas cinzas son levadas o Mércores de Cinza en Santo Enterro (Enterro da Sardiña), parodia anticlerical no que se pon punto final o desenfreno carnavalesco e se enceta o tempo da penitencia e abstinencia de obrigado cumprimento eclesiástico.


–**O sermón:** Facíase no día sinalado do Martes de Entroido ou no Enterro da Sardiña cun carácter puramente satírico e burlesco daquelas situacións, feitos ou institucións públicas e privadas que tiveran resonancia ó longo do ano.

–**A gastronomía:** Na Cuaresma a carne non está permitida por iso o Entroido é tempo de enchenta para os tempos que se aveciñan.

Así é hora de: cocido de cacheira coas ouellas, rabo... lacón con grelos, morcelas, chourizos, morros...; e de postre: filloas de sangue, ouellas de frade, flores fritidas...

–**Os xogos:** Neste tempo tamén había momentos para o "xogo das olas" (en rolda botábase unha ola de barro chea de auga ríndose do que a deixase cair), e "corre-lo galo" onde o galo é o preciado trofeo a conseguir unha vez demostradas as habilidades dos participantes.

(\*) *Profesores de Enseñanza General Básica.*



As comparsas están conseguindo gran relevancia no Entroido.

## As comparsas, unha fonte de animación

□ *En busca dunha idea que a caracterice*

As comparsas son un dos elementos máis espectaculars do Entroido. Dan animación e colorido ó festexo.

Organizar unha comparsa non é algo moi doado. O primeiro que hai que facer e contar cun grupo de rapaces e rapazas con ganas de pasalo en grande durante os días que dura a festa. A isto hai que añadirse un chisco de alegría, imaxinación e bo gusto. Todo elo hai que combinalo con una idea central que una os intereses do grupo. Logo habrá que ponerlle un nome á comparsa. Con estos requisitos a com-

parsa estará en marcha. Una vez posta en marcha e fundamental a elaboración das máscaras e vestimentas que levará a comparsa nos seus desfiles. Para elo utilizaranse tódalas ferramentas ou materiais axeitados.

A realización das máscaras e vestimentas elexidas para a caracterización da comparsa deberá facerse de xeito colectivo.

Tamén poden emplearse para "adornar" a comparsa instrumentos musicais si dentro da comparsa hai compoñentes que saben tocarlos.

Así, as celebracións básicas do ano no mundo antigo transformáronse dacordo coa nova concepción do momento: o solsticio de inverno transformouse na Natividade de Xesús; o solsticio de verán no día de San Xoan Bautista; asimesmo, o equinocio de primavera, que representa o despertar da vida, substitúese pola conmemoración da morte e resurrección de Xesús.

#### Os elementos do Entroido

–**As máscaras:** A diversidade cultural dos pobos corresponden diferentes tipos de máscaras coa súa específica función ritual, cultural ou profana.

Na Comunidade galega esta diversidade está amplamente definida.

• **Os felos, borralleiros ou cinceiros:** "Máscara farrapenta, vestida con roupa vella, porca e fachosa".

• **Os Cigarróns:** Máscaras dos vales de Laza e Monterrei (Ourense).

• **Damas e galáns, madamitos ou madamitas:** Máscaras vestidas finamente con porte e elegancia.

• **Os "oficios":** Máscaras que ridiculizan os oficios cos seus traballos.

• **Máscaras de animais:** Homes e animais disfrazáanse, procuran-

## Facer un dragón colectivo

#### a) Materiais:

- Un cubo de deterxente para a cabeza.
- 2 listóns de madeira de 2 e 3 m. de longo.
- Tela para o corpo do dragón ou papel de embalar.

- Pinturas plásticas ou auga.
- Cartóns, cartulinas, lanas, goma espuma...

#### b) Útiles de traballo:

- Tesouras e cútex.
- Pinceis.
- Pegamentos.
- Fíos e agullas de coser.
- Cinta adhesiva.

#### c) Realización:

- 1- En primeiro lugar vestir con tela o listón máis largo caseque ata o fondo e logo incrustar e fixalo bote de deterxente sobre o listón recuberto de tela.
- 2- Prepara-la cabeza do dragón (ouellas, dentes, ollos, escamas...).
- 3- Pintar e caracteriza-la cabeza.


- 4- Preparar unha cola con cartón, pintala e clavala sobre o pau máis pequeno. Pódese decorar con escamas.

#### O Corpo

O corpo do dragón admite dúas alternativas para súa elaboración:

- Facer uns buratos na tela para que as cabezas dódanse sacar fora. Si a tela non fora continua coseríanse os retais.
- Preparar uns anelos de aramio dun perímetro igual ó ancho da tela disponible e logo fixalos fortemente a un pau de basoura. Estes aramios irán cosidos á tela.
- O corpo do dragón fixarase a media altura entre os dous paus (o primeiro o da cabeza e o segundo o da cola).
- O corpo pódese decorar ó gusto dos participantes.

C) O dragón admite a variante de construílo con caixas de cartón ordenadas a distinto tamaño e adornalas cos materiais máis diversos. A unión das diversas estruturas pódese facer mediante coprdas interiores.



## LIBROS

# “El curriculum oculto”, por Jurjo Torres

**“Unha tarde parda e fría de inverno. Os colexiais estudan: monotonía. A choiva tras dos cristais. Unha clase: un cartel”**

Tentar unha reflexión sobre o libro de Xurxo Torres (El curriculum oculto. Madrid, Ed. Morata, 1991) certamente no se nos antoixa doado, sobre todo se temos en conta que non procedemos do eido da pedagogía e, polo mesmo, a nosa formación pedagóxica é máis ben escasa —por non dicir, nula—. Quede claro, pois, que o noso achegamento ós temas verquidos no libro é o achegamento dun afeccionado; mais non por iso deixamos de recoñecer-lo interés dos mesmos e menos aínda a fondura coa que o autor nos leva da man no seu percorrido.

A través da súa análise a coñecer con fondura as distintas propostas que se fixeron sobre a escola e o ámbito educativo en xeral, ó longo da historia —mais ou menos recente—.

Así, preséntansenos as relacións entre curriculum, deoloxía e poder; as propostas tecnocráticas da escola; os primeiros intentos de construír un curriculum científico acorde cos momentos históricos nos que a ciencia positiva (positivista —diríamos—), a eficiencia na produción e a economía se empregaron como parámetros lexitimadores de calquera realidade.

Onde os intereses educativos estaban supeditados ós intereses económicos; e, dende onde os problemas educativos se resolvían do mesmo xeito ca os de calquera empresa ou industria. Onde educar ven sendo algo parecido a “preparar a alguén para desempeñar un posto de traballo nun sistema económico e de produción concebido como “natural” e, polo mesmo, sen posibilidade de tentarnos o problematizalo ou cuestionalo.

## Teoría da reprodución

Como contrapartida inicial a esta teoría aparecen todo un conxunto de propostas teóricas englobadas baixo o nome xenérico de teoría da reprodución (teorías da reprodución social, teorías da correspondencia e teorías da reprodución cultural), nas que as escolas xa non se consideran unhas institucións ailladas, sen conexión co contexto político, cultural e económico no que están ubicadas. Agora, acéptase

que toda a bagaxe cultural que manexa a escola son —non “universais a priori”— senón construcións sociohistóricas, resultados das confrontacións de grupos sociais con intereses económicos, políticos, culturais e relixiosos específicos.

Sen embargo, compre que digamos tamén que o mundo, a realidade que se deixa entrever a través dos diversos modelos das teorías da reprodución preséntansenos como un “mundo webiano, pechado, tenebroso, no que non hai escapatoria” posible. Pola contra, os estudos etnográficos máis recentes sobre o que acontece no día a día das aulas e centros escolares estannos a

E necesario xerar prácticas educativas para reflexionar sobre a propia vida

Cumpre aclarar as conexións entre cultura escolar e as relacións de poder

confirmar que os centros de ensino non son institucións que simplemente reproduzcan a ideoloxía dominante; senón que son tamén axentes decisivos na súa construción.

Dende a perspectiva, pois das chamadas Teoría da Producción, a institución escolar xa non aparece unicamente como un sistema de reprodución. Tales teorías constitúen novos modelos teóricos dende os que se captan tanto as resistencias que se producen nas aulas como a súa importancia.

Nos tres capítulos seguintes (VI, VII e VIII) analiza tres cuestións de suma importancia a hora de tentarnos unha diagnose do sistema educativo actual e dende a perspectiva do curriculum oculto: a discriminación sexista, a discriminación racial e os problemas a carón da descualificación e requalificación do profesorado; apostando neste último caso por unha —a totalas vistas— máis necesaria profesionalización do corpo de ensinantes. Profesionalización que ven supeditada á toma de medidas en tres dimen-

sións estreitamente vencelladas entre si: a) incremento dos status económico-social do profesorado; b) establecemento dunha formación inicial do profesorado de calidade e, c) creación e potenciación da formación continuada do profesorado.

No último dos capítulos (El curriculum y la educación de los ciudadanos y las ciudadanas en una sociedad democrática) aposta por un curriculum crítico que obrigue ós alumnos a cuestionar os coñecementos, actitudes e comportamentos considerados como “naturais” e “obvios”. Por un curriculum que non só se ocupa de seleccionar outros contidos culturais como forma de reconstruí-lo coñecemento de que dispón a comunidade, senón que tamén centra o seu interés nas estratexias de ensinanza e aprendizaxe que facilitan este proceso de reflexión, de participación democrática e de exercicio da responsabilidade e a solidariedade.


## Propostas normativas

Ben é certo —como se pode ver— o interés dos temas (moi esquemáticamente refrexados aquí) tratados ó longo do libro; sen embargo persoalmente quixera agora apostar de xeito firme polas propostas “normativas” que dende o meu punto de vista conectan máis directamente co eido de traballo ó que me adico: a educación ético-moral. Neste senso quixera subliñar algunha delas. Dende o punto de vista do autor faise necesario xerar prácticas educativas nas que o alumnado poida chegar a se capacitar para reflexionar e actuar sobre a súa propia vida e a da súa colectividade; e para elo faise ne-

A Escola debe ter suficiente liberdade e flexibilidade como para ir construíndo unha cultura pedagóxica capaz de liberar ó home

cesario que existan posibilidades reais e non ficticias de poder cuestionar os coñecementos culturais que a escola valora e esixe. Compre poñer enriba da mesa as conexións entre a cultura escolar e as relacións de poder, entre os contidos curriculares e as necesidades doutras esferas da sociedade. Posibilitar o desenvolvemento de prácticas educativas comprometidas coa defensa

## El curriculum oculto



Portada do libro de Jurjo Torres.

dunha sociedade máis xusta, máis democrática e, polo tanto, máis libre, pois que a escola concebida doutro xeito somentes é unha ferramenta de incultura e asoballamento.


A institución escolar ten que ter, polo tanto, suficiente liberdade e flexibilidade como para podermos ir construíndo unha cultura

compre levala a cabo no marco de institucións nas que as súas estruturas e prácticas sociais permitan a planificación e desenvolvemento de experiencias de ensinanza e aprendizaxe dirixidas a promover e a exercita-la capacidade de tomar decisións de xeito reflexivo e de se comprometeren na consecución de condutas responsables e efectivas, dentro dunha filosofía de respecto e apoio dos valores e procesos democráticos.

## Teoría

Ben queridos lectores, quizáis todo isto so é a teoría pura e dura. E certamente, a realidade é outra cousa ben distinta. Pero, por outra banda —e con isto remato— concordo (e agardo que vós conmigo) en que “se certos ideais non teñen existencia real, débese a un erro, a un tropezo da historia”. As propostas aquí verquidas serían —no peor dos casos posibles— unhas destas ideas.

ANTON F. ALVAREZ  
(Profesor de Etica)



Elaborado por:

**Nova Escola  
Galega**

Coordenan este número:

Manuel Bragado  
Xesús Rodríguez Jares  
Antón Fernández Alvarez.  
**Humor: Beatriz Sarria.**

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

